

Rúa do Convento

Amigas e Amigos, non sei dicir arestora senón estas dúas palabras de salutación que conlevan familia, autoridades, veciños de Melide, d'Agolada, de Cangas, de Moaña, de Pontevedra e A Coruña, Lugo, Ourense... e dos tantos ventos e mencers que me nutren de cariño e de autoestimas. A AELG tráeme consigo aquí e eu déixome levar pola fervenza da memoria 1946 e digo Rúa do Convento, número 27, onde Antonia tenta por terceira vez o seu soño de nai serodia, para que Alfredo cosa e vista máis alegre de vodas e de compromisos o seu mundo de homes e andoriñas. E neno non sae de seu, revira a vista ao mundo e manca o corpo da muller que pare. Comadrona, que só sei de tanto oficio e corazón atento, a señora Maruxa de Noguerol e don Alberte Lafuente, médico da vila melidán, chegan de urxencia na noite para que Nai toque, bique e namore por primeira vez da pel dun anxo que respira.

-Ola, mamá!

Velaí que sigo sendo o voso neno“patacón”, aquel máis que palabreiro que gastaba tirabuzóns e procuraba sempre as portas abertas da tenda da señora Anuncia, a “guarnicionera”, para as viaxes dos cabaleiros pícaros e dos cabaleiros mansos da autoría de Miguel de Cervantes Saavedra, a bordo das albardas de todo tipo e condición, que eran o meu querido mundo. E aínda repito con vós de carreiriña os nomes de María, Ramona, Dolores, Andrea, Manuela, Xovita; Estevo, Roque, Anxo, Patricio, Xosé, das miñas tribos. Labregas e labregos da Casa da Ponte de Penas en Santa María de Melide, e da Casa de Vila de Quian, en Carmoega d'Agolada, nesta vosa, nosa Terra do

Medio, para que eu medre en acordanzas e vos faga saber da miña sorte, que vos adico aquí dun xeito humilde e cariñoso. E digo aquí que é tanto coma dicir na Terramar de Galicia, a nosa herdanza; sen localismos, sen espazos preferentes para a miña condición de libertario, que aprendín de vós cando os atrancos eran moitos e amencían os días complices do *siseñorsí* daquel sorriso dependente. Eu era por daquela o último nacemento, o máis noviño, o tapaburatos de toda a restra de familias que casaran no románico de Santa María ou na conventual do Santi Espírito, alá, aló e acolaló. Nun arró, coma nun queipo, fun levado á xeografía da outra gándara que amo, Agolada, para seguir en aprendiz no corredor da infancia de posguerras, cando había que inventar os días e os xogos. Porén o xastre de Quian e a súa esposa quixeron outra vez Melide para o seu neno de nove anos.

-Será xastre?

-Non, será o que se poida e o que el queira.

A Academia Balmes, que comandaba don Xosé Ares Lois dende a galería que aínda está en desperdicio, era entón o liceo e o convívio dunha pedagogía estrafalaria, memorística e pragmática. Pola súa mau souben dos montes, dos ríos e dos mares do mundo, das lagoas e dos lagos, antes, moito antes e mellor que do mar d'O Orzán, a lagoa de Sobrado e o río Miño, que era o único de Galicia nas enciclopedias de uso, o máis pequeno do mundo, con só dúas achegas sen maus nin brazos para o saco das palabras: Sil e Avia. Pola súa compañía entendemos moitos, cando iamos dar fe de sabios diante do alto tribunal do Instituto Masculino da cidade d'A Coruña, hoxe nominado Salvador de Madariaga, ou, no seu caso no Instituto feminino, Eusebio da Guarda, que o mar é unha

marabilla que non cesa, un xogo de ida e volta pola area, un perfil que se perde alén da Torre de Hércules ata engulir os sonhos de mareantes, que case eramos todos / todas, no regreso a Melide, xa nos nosos cuarto onde se olla ao lonxe o Careón, Bocelo, o Faro e o Farelo. Foron tres anos de bacharelato nos que agucei as estimas dos amigos e amigas que nunca faltan aínda hoxe cando me cadra estar de ventureiro na Capela do Santo Antón a presentarmos os meus libros. Na derradeira vez, don Xosé Ares, apertoume a mau maior dos cinco dedos, sen dicir ren; para sentirmos os dous esa mornura de feliz encontro que vai no sangue, o agradecemento do mestre e do discípulo, a certeza do tempo, a despedida.

Conforman hoxe biografía aquí con nós dúas labaradas que celebran anos de existencia. Unha xa é un fito na Historia Etnográfica e Antropolóxica de Galicia: os setenta e cinco anos do “Terra de Melide”, alfaia e melindre a un tempo, para o recoñecemento dos valores que nos corresponden como etnia singular, como conforto de memoria, como orgullo. Nas tullas deste libro maior, que ninguén ousa discutir ou refugar dos seus contidos, foron deixando ferrados de alma e de cariño os máis meritísimos escribas daquelas xeracións de madurez e nombradía científica e literaria. Véxoos e síntoos arestora comigo no penúltimo recanto deste espazo das palabras, tan discretos, co sorriso inacabado das súas vidas, en aceno permanente por esta ledicia das celebracións conxuntas na vila capital da Gándara: o boticario don Antonio Taboada Roca, tan de noso, tan da casa e da conversa do diario; e aló no pórtico do paraninfo os outros obradores deste sonho de libro en obra meritísima que hoxe celebramos. Dicir os nomes sabe a pouco. Dicir as

xeracións de referencias é consentilos coma un palpito, un chimpó cara adiante ou máis alá das nosas vidas: *Nós e Seminario de Estudos Galegos*. Anxel Casal, o editor, de tan alta estima e xeneroso... Elas, eles; porque hai mulleres no Terra de Melide, de xeito explícito e moitas máis implícitas nos labores e na resonancia das cantigas que son honra. Elas, coma Pilar (a madriña), María, Antonia (a miña nai), que me falaran do seu libro diante de eu saber: “nel están as mozas da Ponte, fíxate ben, na páxina...”. E si que están. E eu fachendo por tan alta nombradía. Vai por esta oportunidade os meus agradecementos de me sentir levado nun vó de araos e de velaugarridos cabo de lonxe, onde de certo está de portavoz Ramón Otero Pedrayo, señor de Trasalba, o palabreiro renacentista, barroco, romántico, en treboada, a nos mollar co mel da lingua e tanto orgullo (*“porque ser galego é unha obra de arte”*)-deixou na oralidade e na escrita).

A outra efeméride que nos cadra é a do “Premio de Narrativa, Terra de Melide”: e quero canda min as súas páxinas, saber Literatura con maiúscula, recoñecermos que nel están os soños das tantas / tantos obradores da palabra. Un premio que non é para o comercio senón para as entregas e as Letras que nos sobrevivan, ese agarimo de *melindre* ou *rico* ou *amendado* co recendo á Terra do Medio, á prehistoria de nós, á galanura dos andares e dos oficios, que son identitarios, a permanencia, sen renuncias. En cada convocatoria a ledicia dun achádego. Iso queremos, non hai coutos para a bulimia literaria na procura do mérito. Teño amigas e amigos, algún aquí presente, que orgullecen de levar nos seus currículos o nome deste galardón, que nacera humilde coma un compango e arestora xa é fornada en lévedo, molete

sabedeiro para as voces narrativas e os soños xuvenís e da madureza da nosa Lingua.

Velaí este sete de xuño, sábado, coma un barco en terra, un *air bus* en rebulicio sobre os ferrados de chan da Madanela, onde ía ser, estar, o aeroporto de Galicia, por designio natural das equidistancias. Pois de aquí, daquela fartura de nos saber ricaces nos espazos de todo tipo e condición de progreso, vén arestora a miña carriola das palabras para agradecer á AELG esta nombradía de escritor, unha titulación que dá farturas, e ao Concello de Melide esta pousa de honra para min, que nunca tal soñara; e por acaso un xa pode ir de estarricado á luz do sol, ou de ourizocacho no labor da noite que non manca, que é desvelo. Non sei cal será despois desta hora a miña deriva, que tentarei frear das fantasías impostadas. Quero seguir sendo neno da nosa memoria, dos nosos xogos e das palabras coma cando era na Casa da señora Anuncia, coma cando medrei na vila irmán d’Agolada, onde os Pendellos eran, son unha lucería de pedra agradecida; coma cando baiuraba en futbolista na Praza das Coles, no Campo Grande, no Cruceiro...e apreixaba os nomes das amigas e dos amigos da “academia” para o brindes dun gol de futuro en Riazor de Luis Suárez, Amancio, Loureda, Veloso ou Xaime Blanco; e que dicir do mar de Cangas, mar de amigos e de amigas: máis de media vida levada no aloumiño das ondas, convencido de que esta Terra é irmandiña, atántica, polícroma, polígrafa, universal e nosa a un tempo. Pois nesta mañá de paxaros e de soles chimpoto todas as páxinas polos corredores da ledicia, por estardes aquí comigo en corazón grande – vai, coa vosa licencia, unha chiscadela moi especial para David do Lousa, o pai de María, meu amigo grande, que nunca faltaba. Sinto

dentro un aturuxo; o paso das formigas e como zunen as abellas da Terra de Abeancos. Escoitade polo corredor do norde, desde as valigotas, son a voz e os ecos das nosas recaladas; e no ronsel dos “froitos novos”, agromando en centos de ferrados, as estirpes da nosa Música e da nosa Historia que non cesan: o chuchamel e o xogo da billarda, as mámoas e os castros, a luz do océano, o son do mar, as agras de pan branco, o viño novo, a Lingua na que amamos, os “axóuxeres” da Vida. E velai vén Gaiteiro Garceiras atravesando o Río pola Ponte de Furelos, Máis Alá:

*En harmonía co sol e en toda circunstancia
mides o rostro do país en légoas
e proclamas a atención do sangue, ese retorno
da danza, a maxia, o brinquedo corazón que leva
máis pra lonxe a memoria de nós conforme avanza
alegre onde nos nace
esa mau amiga de Gabriel abrindo o buxo
aos paxaros sen fin, que sempre cantan.*

Xosé Vázquez Pintor

Melide, sábado, sete de xuño do ano dous mil oito. En agradecemento á AELG; ao Concello de Melide; ás Amigas e Amigos que me honran co seu cariño nesta “Homenaxe ao Escritor na súa Terra”